



MEMÓRIA 2012 BIBLIOSAÚDE

MEMÓRIA ANUAL DO GRUPO TÉCNICO BIBLIOSAÚDE



INFORMACIÓN XERAL BIBLIOSAÚDE

A Biblioteca Virtual do Sistema Público de Saúde de Galicia está constituída pola rede de bibliotecas dos centros sanitarios e de servizos centrais, que traballan no desenvolvemento dunha biblioteca dixital para os profesionais e usuarios dos servizos públicos de saúde.

O seu obxectivo é poñer a disposición dos usuarios información relevante para a toma de decisións na práctica clínica, na xestión, a docencia e a investigación, e fomentar a sua actualización.

1.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

En xuño de 2009 formalizouse a dependencia estructural orgánica de Bibliosaúde dende a Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, e en xuño de 2011 procedeuse a publicar a Orden de creación (Diario Oficial de Galicia, nº 124, de 29 de xuño de 2011)

Dispoñible en:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110629/AnuncioC3K1-200611-3391_es.html

COORDINACIÓN

O Grupo Técnico de BiblioSaúde (GT) dispón dun Coordinador cuxo papel é coordinar todos os seus membros e traer propostas e informes para a Secretaría Xeral para a análise e implementación, en caso ser apropiado. Para facilitar o funcionamento do GT divídese en catro comisións de traballo:

COMISIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COLECCIÓN

- I. Garantir o desenvolvemento equilibrado e sostible da colección.
- II. Evaluar o acceso e uso da colección
- III. Deseñar unha política de conservación e acceso de fondos impresos e arquivos retrospectivos electrónicos.
- IV. Facer seguimento das publicacións da Consellería e Sergas e identificación de publicacións científicas de ciencias da saúde editadas en Galicia.

COMISIÓN DE CALIDADE

- I. Recoller, categorizar e atender as suxestións e reclamacións de usuarios.
- II. Reunir e categorizar as incidencias internas que poidan producirse en Bibliosaúde e Mergullador. Manter datos dos centros en Bibliosaúde actualizados: responsables, teléfonos. Garantir que os documentos da Biblioteca Virtual se depositan en SharePoint.
- III. Supervisar o mantemento e calidade dos enlaces.

COMISIÓN DE ESTATÍSTICAS

- I. Xestionar estatísticas ofrecidas por editoriais e plataformas, estatísticas de uso interno de Bibliosaúde e das bibliotecas integrantes.
- II. Recopilar estatísticas de uso de Mergullador (Metalib/SFX).


COMISIÓN TÉCNICA

- I. Evaluar novas prestacións e mellora do aplicativo de desenvolvemento de Metalib e SFX.
- II. Desenvolver unha política que permita reunir a producción científica da Consellería e do Sergas nun arquivo dixital dispoñible na Intranet e Internet, coa finalidade de preservar e favorecer a visibilidade da actividade científica dos membros da organización.
- III. Evaluar as propostas de implantación de novo software para a súa implantación en Bibliosaúde.
- IV. Supervisar a implantación de novos aplicativos. Evaluar a integración con outros recursos a áreas do Sergas.
- V. Controlar a personalización institucional das plataformas externas (portais, bases de datos etc.). Estatísticas de uso. Novidades e prestacións para usuarios.
- VI. Facer seguimento do C17 e novas prestacións.

COMISIÓN DE FORMACIÓN E COMUNICACIÓN

- I. Propoñer, organizar e coordinar propostas de formación continuada do GT.
- II. Evaluar e xestionar propostas de actividades enviadas polo resto do grupo.
- III. Informar das actividades externas.
- IV. Promover iniciativas para o coñecemento e uso de Bibliosaúde a través de diferentes actividades.
- V. Organizar e propoñer cursos (presenciais, e virtuais) para usuarios
- VI. Ofrecer información a responsables de información de centros sanitarios.
- VII. Actualizar a información na Web.
- VIII. Fomentar a presencia nas publicacións profesionais, xornadas e congresos.
- IX. Promover a elaboración de material de formación para os usuarios de Bibliosaúde.

De modo mensual lévase a cabo unha posta en común dos traballos realizados por cada unha das comisións, nas reunión do Grupo Técnico de Bibliosaúde. (Ver anexo I).



2- RECURSOS HUMANOS

Na actualidade o GT está integrado por todo o persoal técnico e responsable de bibliotecas do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como outros técnicos que poden considerarse necesarios para o desenvolvemento das funcións encomendadas ó GT.

O personal que integra o GT está adscrito ós centros que se presentan na seguinte táboa:

Táboa 1: Persoal que integra o Grupo Técnico de BiblioSaúde.

Centros hospitalarios
Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol
Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
Complexo Hospitalario de Pontevedra
Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña
Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela
Complexo Hospitalario Universitario de Vigo
Complexo Hospitalario Xeral- Calde (Lugo)
Hospital da Costa (Burela)
Outros centros
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS)



* En febreiro de 2012 incorpórarse en
Comisión de servizos Ana Calvo Ferrer.

3.- RECURSOS ECONÓMICOS

Táboa 2:Orzamentos 2009-12.

	2009	2010	2011	2012
Recursos-e e de xestión centralizados	2.385.810	1.705.561,61	1.466.724,29	1.619.681,33

O **gasto total** no ano 2012 foi de 1.619.681,33. Nél inclúense as suscripcións do ano 2013 de:

- Suscribiuse o **Uptodate** por un valor de 157.621 euros (polo período outubro 2012- decembro 2013).
- Suscribiuse a **Nanda NOC- NIC** por un valor de 12.969 euros (polo período outubro 2012- decembro 2013).

Táboa 3: Custo de Libros e outros recursos descentralizados.

	2010	2011	2012
Custo de Libros e outros recursos descentralizados	71.588	17.177	6.904,15

4.- RECURSOS SUBSCRITOS

Táboa 4: Recursos subscritos 2009-12.


	RECURSOS	2009	2010	2011	2012
REVISTAS	Nº de revistas-e suscritas en Bibliosaúde:	344	671	790	1.090
	Nº de revistas-e activadas no Mergullador:	2.165	4.122	4.665	5.569
LIBROS	Libros ingresados en catálogo:	1.724	1.236	329	839
	Nº libros electrónicos (consultar anexo III)	----	40	426	428
	Nº libros a través de Citeulike	----	116	317	(1)
Vídeos	Vídeos en Mendeley				119

(1).- Dende 2012 deixáronse de introducir libros electrónicos en Citeulike e comezan a engadirse en BICO.

5.-USO DOS RECURSOS

5.1.- ARTIGOS DE REVISTAS CIENTÍFICAS

Ilustración 1: Evolución anual de uso de revistas electrónicas 2009-12.



5.2.- ACCESO A LIBROS ELECTRÓNICOS

Táboa 5: Acceso a libros electrónicos en 2012

	2009	2010	2011	2012
Libros electrónicos de Ovid	----	2.650	3.423	2.972
Libros Springer	----	60	770	1.212
Atlas Anatomy	----	1.229	1.171	1.245
Visitas a Harrison on line	24.844	27.191	27.876	15.978

5.3.- ACCESO A BASES DE DATOS E OUTROS RECURSOS DOCUMENTAIS

Táboa 6: Sesións de acceso a bases de datos e outros recursos documentais.

	2009	2010	2011	2012
Micromedex		10.360	5.090	5.418 (Sesións)
Base de datos ISI Wok		11.056	26.783	24.681
Fisterra.com ⁽¹⁾	322.823	405.471	534.789	308.429 (visitas)
Base de datos del CSIC		6.756	14.335	15.395 (accesos)
Psycinfo ⁽²⁾		1.646	2.817	414
Embase		17.166	21.377	17.703 (Sesións)
CiberIndex	183.381	236.561	301.225	214.863 (visitas)

(1)No ano 2012 Fisterra.com cambiou o modelo de cuantificación de accesos

(2) No ano 2012 a base de datos Psycinfo pasou de ter una subsrcpción aberta a ofertar dúas licencias de uso.

6.-SERVIZOS OFERTADOS

Os servizos que está a ofrecer actualmente son:

- I. Servizo de Obtención de Documentos (SOD) e Préstamo Interbibliotecario (PIB).
- II. Servizo de solicitude de búsquedas bibliográficas.
- III. Servizo Virtual de Referencia (SVR), para proporcionar axuda sobre temas e aplicativos.
- IV. Formación de usuarios, información sobre docencia en líña e presencial nas bibliotecas e hospitais do sistema sanitario. Inclúense guías e titoriais.
- V. Consulta ó catálogo colectivo das bibliotecas do Sergas. Descargas de libros electrónicos dende BICO.

Táboa 7: Resumo de indicadores de actividade e calidad.

		2009	2010	2011	2012
SOD	Interno: Artigos solicitados	24.922	32.466	38.042	36.922
	Externo: Artigos servidos a outros centros	10.161	13.339	16.858	18.709
Libros prestados :		972	3.363	1.859 (*)	1.901
Nº cursos presenciais:		133	145	138	121
Asistentes aos cursos		1.369	1.392	1.208	1.836
Nº Buscas bibliográficas:		1143	1.108	1.004	1.105

*Os meses de xuño a setembro de 2012 levouse a cabo o cambio de aplicativo de catalogación e préstamo de libros. Por esta razón, non se ten datos destes meses.

Táboa 8: Rexistro de novos usuarios no Mergullador

	2008	2009	2010	2011	2012
Usuarios- novos rexistros en Mergullador	1.927	3.978	2.249	2.130	2.002
Total de usuarios rexistrados en Mergullador (2008-12): 12.286					

Táboa 9: Uso dos recursos

USO DOS RECURSOS					
	2009	2010	2011	2012	
Descargas SFX(clickthroughs):	63.701	99.132	126.700	153.823	
Recursos activos Mergullador	107	122	139	134	

Táboa 10: Accesos ó portal e a Bibliosaúde e Mergullador (Metalib/SFX)

	2009	2010	2011	2012
Visitas Bibliosaude	103.649	198.124	280.008	197.727
Accesos Bibliosaúde			2.653.196	1.526.849
Visitas/sesións Mergullador	76.102	93.762	106.465	135.097
Buscas Mergullador	130.485	134.615	122.844	129.735

En 2012 cambiouse a ferramenta de contabilidade de Bibliosaúde.

7.- BICO: BIBLIOSAÚDE CATÁLOGO ONLINE

En marzo entrou en funcionamiento o novo catálogo colectivo das bibliotecas sanitarias galegas, “Bibliosaúde Catálogo Online” (BICO). Este catálogo permite traballar de forma colaborativa e que todos os fondos integrados sean consultables dende calquera punto.

Incorpora aplicativos e funcionalidades da web 2.0. O catálogo permite aos profesionais do Sergas, mediante as súas claves de acceso, solicitar préstamos en líña, acceder a textos completos de libros electrónicos subscritos pola Consellería, acceder a listas temáticas, gardar ou comentar rexistros que considere de interese.

O número total de documentos é de 47.666. Incorporáronse os Descriptores de Ciencias da Saúde (DeCS) para a adxudicación de materias.

The screenshot shows the homepage of the BICO website. At the top right are links for 'Abrir sesión' and 'Cambiar lingua'. Below that is the Xunta de Galicia logo and the Servizo Galego de Saúde logo, followed by the 'Bibliosaúde' logo. A horizontal menu bar includes 'Iniciar', 'Buscar', 'Listas', 'A miña conta', and 'Axuda'. To the left is a sidebar with a blue header 'Ligazóns útiles' containing links to information about BICO, video selections, e-book collections, and other catalogues like Rebiun and SERGAS. Below this is a large blue area. The main content area has a light grey background. It features a heading 'Benvido a BICO: Bibliosaúde Catálogo Online' in teal. Below it is a section titled 'Comezar a súa busca aquí: Busca por icona' with four search icons: 'Autor' (person), 'Título' (book), 'Materia' (person reading), and 'Todo' (magnifying glass). There is a search input field labeled 'Todo:' and a yellow 'Buscar' button. A checkbox 'Mostrar opcións de busca' is checked. At the bottom, there are two sections: 'Outras opcións de busca' with links to 'Busca sinxela' and 'Busca por campos', and descriptive text for each. The 'Busca sinxela' text says 'Coa busca sinxela pode buscar por unha palabra clave ou frase.' and the 'Busca por campos' text says 'A busca por campos permite facer unha busca por campos específicos tales como 'Autor', 'Título', 'Materia', etc. O resultado da busca aparece en orde alfabética começando polo campo máis próximo á información que vostede introduciu.'



8.- FORMACIÓN IMPARTIDA

8.1.-FORMACIÓN BIBLIOSAÚDE EN HOSPITAIS E CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

Procedeuse a impartir cursos de formación da Biblioteca Virtual en hospitais e centros de Atención Primaria do Sistema Público de Saúde de Galicia.

O total de cursos impartidos durante este ano foi de 121, coa asistencia de 1.836 participantes.

8.2.-ORGANIZACIÓN DE CURSOS A TRAVÉS DA FEGAS

Ó longo de 2012 leváronse a cabo unha serie de cursos organizados pola Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), e impartidos polo persoal de Bibliosaúde:

Listado de cursos organizados pola FEGAS:

121830.- Mergullador. A plataforma de busca de información científica de Bibliosaúde

Formación virtual. 9- 16 maio 2012.

Docentes: Javier Osorio Calles e Rosa Pazo Martínez

121937 Localización de guías clínicas e protocolos.

Santiago de Compostela.- 29 de maio 2012.

Docente: Uxía Gutierrez Couto

121938 Google avanzado e Web Social.

Santiago de Compostela.- 12 de marzo 2012.

Docente: Uxío Pérez

121940 Cómo medir a actividade científica.

Santiago de Compostela. 16 de abril 2012.

Docente: María Sobrido Prieto

121577 Medline Pubmed

Coruña, A 01/02/12 - 20/02/12 04/06/12

Docente: María Sobrido Prieto, Ana Calvo Ferrer

121578 Medline-Pubmed

Santiago de Compostela 01/02/12 - 20/02/12 11/06/12

Docente: Teresa Caba Insua

121583 Recursos de Enfermería en Internet

Vigo 01/02/12 - 20/02/12 26/03/12

Docente: Yolanda Sanmartín Reinoso

121584 Recursos de Enfermería en Internet

Coruña 01/02/12 - 20/02/12 16/04/12

Docente: Yolanda Sanmartín Reinoso

121585 Recursos de Enfermería en Internet

Santiago de Compostela

Docente: Rosa Pazo Martínez

121578 Medline-Pubmed

Santiago de compostela 11-13 de xuño 2012

Docente: Teresa Cabana Insua



8.3.-SESIÓNS ORGANIZADAS POR BIBLIOSAÚDE

Elementos importantes de la publicación científica 25/03/2012-
16.30 – 20.00 h.

Docente: María Sobrido Prieto. Hospital Arquitecto Marcide

Curso de Mendeley 25/09/2012 – 16.30 a 20.00 horas.

Docente: Carmen Rodríguez Otero. Hospital Arquitecto Marcide

8.4.- SESIÓNS INTERNAS DE FORMACIÓN PARA OS MEMBROS DE BIBLIOSAÚDE

Sesión Prezi. Novedades Pubmed. Expediente-e.

Santiago de Compostela. 7/02/2012.

Docente: María Sobrido Prieto e Uxía Gutierrez Couto.

Desenvolvemento de aplicación para dispositivos móviles.

Docente: Natalia Arroyo.

Santiago de Compostela. 26 e 27 Marzo 2012.

Sesión formativa: Factor de impacto y herramientas para evaluar la calidad de las revistas científicas. Santiago de Compostela. 29/03/2012.

Docente: María Sobrido Prieto

Sesión formativa sobre BICO y el programa EOS WEB.

Santiago de Compostela. 12/04/2012.

Docente: Uxío Pérez.

Sesión formativa Avanzada de EOS WEB.

Santiago de Compostela. 22/06/2012.

Docente: Yolanda Marcos

8.5.-ORGANIZACIÓN DE CURSOS EXPEDIENTE-E

Listado de Cursos Expediente-e

27-30 de marzo 2012. Santiago de Compostela

Docentes: Carlos González Guitian e María Sobrido Prieto.

21-22 Novembro 2012. Santiago de Compostela

Docentes: Carlos González Guitian e María Sobrido Prieto.

8.6.- ELABORACIÓN DE MATERIAL FORMATIVO

Producto das actividades de formación, o GT elaborou e actualizou diferentes materiais formativos, disponibles en acceso abierto na páxina de Bibliosaúde.



Listado de guías de uso e outro material formativo:

Elaboración de novas guías de uso

- *Guía de uso de la base de datos PedRo. Santiago de Compostela: Bibliosaúde. 2012. [Fecha de consulta]. Disponible en: <http://www.sergas.es/Docs/Bibliosaude/Que%20es%20PEDrox.pdf>*
- *Sobrido M. Cómo calcular el índice de citas de una revista científica en el ISI Web of Knowledge. Santiago de Compostela: Bibliosaúde. 2012. [Fecha de consulta]. Disponible en: http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=60698*
- *Sobrido M. Cómo calcular el índice de citas de una revista científica en la base de datos Scopus. Santiago de Compostela: Bibliosaúde. 2012. [Fecha de consulta]. Disponible en: http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=60698*

Actualización de guías de uso

- *Sobrido M, Gonzalez Gutián C. Buscar en Medline con Pubmed. Santiago de Compostela: Bibliosaúde. 2012. [Fecha de consulta]. Disponible en: http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T02.aspx?IdPaxina=60662&uri=/Docs/Bibliosaude/guia%20uso%20medline.-%20bibliosaude%20modificado.pdf&hifr=1250&seccion=0*

Gravación de pílulas formativas dentro do Itinerario de Investigación e Innovación Sanitaria.

- Normalización de la firma científica e identificación de los centros en los artículos científicos. Disponible en:

http://www.youtube.com/watch?v=Dalijkwb17g&playnext=1&list=PLmqu_ZD2sO_g7K1B8W9kzkjUTOML-N3nu6&feature=results_main

- Cómo seleccionar onde Publicar. Disponible en:

<http://www.youtube.com/watch?v=bviOEWXQ7fc&playnext=1&list=PLm>

http://www.youtube.com/watch?v=quZD2sO_g7K1B8W9kzkjUTOML-N3nu6&feature=results_main

- Autoría científica. Disponible en:

http://www.youtube.com/watch?v=gYG743pRUWw&playnext=1&list=PL6OYeZf_TSZyjh_Lw51BAcAKw6gqCrSQ8&feature=results_main

- Introducción a BICO.- BiblioSaúde Catálogo. Disponible en:

http://www.youtube.com/watch?v=7vMZRGlv_O0

- Gestores bibliográficos gratuitos: CiteUlike, Mendeley y Zotero. Disponible en: http://www.youtube.com/watch?v=jQLZ_PvXG7I

9.- REDES E COOPERACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN

9.1.-CONVENIO DIALNET. XULLO 2012

- A Consellería firmou en marzo un convenio de colaboración coa Fundación Dialnet da Universidade de La Rioja. Dialnet consiste nun portal bibliográfico de acceso á producción científica hispana: revistas e libros electrónicos científicos, tesis doctorais etc.



- É un proxecto cooperativo no que interveñen universidades e institucións. Actualmente participan 56 bibliotecas universitarias, 4 bibliotecas públicas e 10 bibliotecas especializadas, sendo a Consellería de Sanidade a primeira entidade autonómica de xestión sanitaria que firma un convenio coa Fundación. A Consellería, a través do persoal de Bibliosaúde, comprométese a incorporar as publicacións da organización e realizar o vaciado de varias revistas sanitarias.

9.2.- ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A CESIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS DA FUNDACIÓN CABALEIRO GOÁS E DO HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO

- Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Cabaleiro Goás para a cesión de fondos bibliográficos da Fundación e do Hospital Psiquiátrico de Conxo. (21 de marzo de 2012).

9.3.- CATÁLOGO COLECTIVO DE BIBLIOTECAS DE CIENCIAS DA SAÚDE (C17)

- Constitución dun grupo de traballo con outras comunidades autónomas. Traballouse coa empresa na mellora do software.
- Colaboracion coa Axencia Avalia-t no catálogo BICO.

9.4.- COLABORACIÓN COA SUBDIRECCIÓN XERAL DE DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

- Creación e desenvolvemento dun aplicativo informático (Sophos) para a análise da producción científica do Sergas.
- Colaboración na gravación de pílulas formativas dentro do Itinerario de Investigación e Innovación Sanitaria/ FEGAS.

9.5.- COLABORACIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS.

- Expediente-e:

Iniciouse unha colaboración coa Dirección Xeral de Recursos Humanos para a validación da producción científica a través do aplicativo FIDES:

- Elaboración de cursos formativos para o persoal validador.
- Creación dun correo electrónico de apoio e consulta para validadores (97 consultas electrónicas).
- Revisión externa das validacións realizadas nas convocatorias pertinentes.


9.6.- COLABORACIÓN CON ASOCIACIONES PROFESIONAIS

- Incorporación a Expania (Asociación de Usuarios de Ex Libris en España). maio de 2012 Jornadas Expania 2012. Del 23- 25 de maio 2012. Biblioteca Nacional en Madrid.

10.- ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DE BIBLIOSAÚDE

10.1.- PRESENTACIONES

- Presentación do Catálogo colectivo on-line das Bibliotecas sanitarias de Galicia.- BICO. 9 de xullo de 2012.



10.2.- LIBROS

- Casal Acción B, Ríos Neira M, Sobrido Prieto M. Guía de uso de CRD Databases. Plan de Calidad el Sistema Nacional de Salud del Ministerio de Sanidad y Política Social. Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias de Galicia; 2012. Guías de Recursos de Información: nº 1 [Fecha de consulta]. Disponible en:

<http://www.sergas.es/docs/Avalia-t/guia-uso-CRD.pdf>

10.3.- CAPÍTULOS DE LIBROS

- Moruno Miralles P, Herranz Aguayo I, Flores Martos JA, Gutierrez Couto U, Sobrido Prieto M, Talavera Valverde MA, et al. Investigación en Terapia Ocupacional en el ámbito de la salud mental. En: Moruno Miralles P, Talavera Valverde MA. Terapia Ocupacional en Salud mental. Barcelona; Elsevier, 2011. p. 489-500.

10.4.- ARTIGOS CIENTÍFICOS

- Blanco Pérez A, Gutiérrez Couto U. PubMed de un vistazo (póster central). Cibermedicina: medicina y nuevas tecnologías de la información y comunicación 2012; 2(1): 16-17.
- Blanco Pérez A, Gutiérrez Couto U. Guía rápida de Mendeley (póster central). Cibermedicina: medicina y nuevas tecnologías de la información y comunicación 2012; 2(2): 20-22.

10.5.- PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS E CONFERENCIAS

- González Gutián C, Gutierrez Couto U. Título conferencia: La Biblioteca Virtual del Sistema Sanitario de Galicia: BiblioSaúde. En: Archivos y Bibliotecas: Nuevas Tendencias. (Universidade de A Coruña. Facultade de Humanidades. Departamento de Biblioteconomía e Documentación). Ferrol, 6, 15 y 20 de noviembre de 2012.

- González Gutián. A evidencia nos coidados do doente crónico. XVII Xornadas Galegas de Enfermería 22 marzo 2012. A Coruña Complexo hospitalario de A Coruña.

10.6.- ASISTENCIA A CONGRESOS E CONFERENCIAS

- V Xornadas OS REPOSITORIOS, 23 e 24 de maio de 2012, Bilbao (Carmen Rodríguez)
- IX Xornadas Técnicas Expania, 24 e 25 de maio de 2012. Biblioteca Nacional de España. Madrid (Ana Calvo y Uxía Gutiérrez).